



D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 7 de xuño de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

6.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE DE CEDRO E UBAS. EXPTE. 149705/301.

Visto o informe de fiscalización do 01/06/18, dáse conta do informe-proposta do 31/05/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 31 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia e seguridade de CEDRO e UBAS (149.705-301)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia e seguridade de CEDRO e UBAS (149.705-301)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 23 de abril de 2018 polo que non se admitiu neste procedemento a DN24 2000, S.L. por non cumprir os requisitos de presentación das proposicións previstos na cláusula 12.6 do prego de cláusulas administrativas particulares e no artigo 80.4 do RLCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia e seguridade de CEDRO e UBAS (149.705-301) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/06/2018 08:33

Páxina 1 de 3

Expediente 149705/301

CSV: 26E357-AE48D7-DD87CA-C1178F-QU7TBG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

	Licitador	Puntuación total
1	SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.	95,80 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, **SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 900,88 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, **SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.**, o día 14 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 25 de maio de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 31 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar **SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.**, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por **SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.**, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 26 de abril de 2018 e do acordo adoptado



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/06/2018 08:33

Páxina 2 de 3

Expediente 149705/301

CSV: 26E357-AE48D7-DD87CA-C1178F-QU7TBG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



pola mesa na súa sesión do 7 de maio de 2018 de valoración da proposición avaliable mediante fórmula.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U o procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia e seguridade de CEDRO e UBAS (149.705-301) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 286.915,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 49.795,20 euros.*
- b) *Que se compromete a incrementar o horario anual de prestación do servizo establecido no PPT en 100 horas anuais de libre disposición para o Concello, que poderán ser utilizadas para atender ás necesidades puntuais de CEDRO e das UBAS e ás situacións imprevistas que poidan xurdir nestes servizos durante o prazo de execución do contrato.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.

